

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES E DE COOPERACIÓN

15439 *Real decreto 1460/2009, do 28 de setembro, sobre organización e funcionamento do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento.*

O acceso á auga e ao saneamento é un dereito humano e supón un dos elementos indispensables para o benestar humano e o desenvolvemento. Neste sentido, os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, froito da Declaración do Milenio asinada por 189 Estados membros das Nacións Unidas no ano 2000, establecen como meta 10 do Obxectivo 7 «reducir á metade, para o ano 2015, a porcentaxe de persoas sen acceso á auga potable e a servizos básicos de saneamento». Alcanzar este obxectivo sería tan só dar un primeiro paso para en 2025 lograr a total cobertura en materia de auga e saneamento e todos os servizos derivados (rega, tratamento de residuos, abastecemento e depuración da auga, desenvolvemento de bacías fluviais, etc.).

Por iso, no XVII Cumio Iberoamericano, que tivo lugar en novembro de 2007 en Santiago de Chile, o presidente do Goberno anunciou a creación dun Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento ao cal España achegará 1.500 millóns de dólares para os vindeiros catro anos.

A creación do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento enmárcase ademais nas prioridades da política española de cooperación para o desenvolvemento. Neste sentido, a Lei 23/1998, do 7 de decembro, de cooperación internacional para o desenvolvemento, sitúa o saneamento entre as súas prioridades sectoriais e o Plan Director da Cooperación Española 2009-2012, aprobado polo Consello de Ministros o 13 de febreiro de 2009, establece o acceso á auga potable e ao saneamento básico como unha das súas prioridades sectoriais.

Así, a disposición adicional sesaxésimo primeira da Lei 51/2007, do 26 decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008, crea o Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, dos regulados no artigo 2.2. da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, dirixido a financiar, dentro da política de cooperación internacional para o desenvolvemento, actuacións tendentes a permitir o acceso á auga e ao saneamento. Pola súa vez, o Real decreto 822/2008, do 16 de maio, dispón a creación da Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, que será a encargada da xestión e seguimento do devandito Fondo.

Este real decreto ten por obxecto regular a organización e o funcionamento do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento. Así, no seu articulado establécense os seus obxectivos, principios, órganos de xestión e os procedementos para o financiamento de proxectos, entre outros aspectos.

A auga é un ben público esencial para garantir o benestar e o desenvolvemento humano. Por este motivo débese xestionar de maneira sustentable, participativa e transparente, garantindo o acceso universal e evitando calquera tipo de exclusión. Con base nesta formulación, os socios do Fondo serán as administracións públicas, xa sexan nacionais ou subnacionais, que posúan as competencias para a posta en marcha de políticas que aseguren a cobertura deste dereito humano ao conxunto da cidadanía. Baixo a súa responsabilidade encóntrase o deseño de políticas e marcos regulatorios que aseguren o dereito á auga ao conxunto da cidadanía e a sustentabilidade do uso do recurso, así como a posta en marcha de mecanismos de xestión do servizo eficientes. Para realizar esta función deberán contar coa participación dos actores, en especial os representativos da sociedade civil, con relevancia no sector da auga e do saneamento a través de mesas, acordos ou asociacións pola auga.

As achegas do Fondo estarán relacionadas con dous ámbitos de actuación: a dotación de infraestruturas para garantir o acceso á auga e ao saneamento de poboacións que

carecen do servizo, sendo estas de propiedade pública en todos os casos; a asistencia técnica, capacitación e asesoramento para o establecemento de sistemas de xestión pública, eficiente, transparente e participativa dos servizos; e a asistencia técnica ás institucións e organismos públicos dos países receptores para propiciar o deseño e a posta en marcha de políticas integrais que aseguren a sustentabilidade do recurso auga.

Na tramitación deste real decreto obtívose o ditame de Consello de Cooperación ao Desenvolvemento.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de setembro de 2009,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Obxecto, natureza e principios do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento

Artigo 1. Obxecto.

Este real decreto ten por obxecto regular o Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, creado na disposición adicional sesaxésimo primeira da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008.

Artigo 2. Natureza e finalidade do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento.

1. O Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento é un fondo carente de personalidade xurídica a que se refire o artigo 2.2. da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. O Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento ten como finalidade preferente a concesión de axudas non reembolsables e, de ser o caso, préstamos non ligados, dirixidos a financiar proxectos nos ámbitos da auga e do saneamento, baixo o réxime de cofinanciamento coas autoridades nacionais dos países de América Latina priorizados pola cooperación española.

3. Para lograr os obxectivos establecidos no artigo 4, o Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, a través da Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, poderá entrar en acordos con organismos multilaterais de desenvolvemento tal e como se especifica no artigo 13 deste real decreto.

4. Con cargo ao Fondo poderanse atender, así mesmo, en especial nos países de menores recursos, os gastos de asistencia técnica para a redacción de proxectos e estudos, execución das obras, avaliación, seguimento, inspección e asistencia técnica dos distintos proxectos aprobados para financiamento nos termos establecidos no artigo 15 deste real decreto e, en xeral, todos aqueles traballos necesarios para asegurar a viabilidade e a sustentabilidade económica, social e ambiental deles. No caso de proxectos considerados para un posible financiamento, o Fondo poderá financiar tamén gastos de identificación ou de estudos de viabilidade ou impacto.

5. Así mesmo, con cargo ao Fondo compensarase o Instituto de Crédito Oficial polos gastos en que incorra como axente financeiro do Fondo.

Artigo 3. Recursos do Fondo.

1. O Fondo estará dotado coas achegas que anualmente se consignent nos orzamentos xerais do Estado e, de ser o caso, cos recursos procedentes das devolucións dos préstamos concedidos. A dotación orzamentaria, establecida na Lei de orzamentos xerais do Estado, será desembolsada e transferida ao Instituto de Crédito Oficial, axente financeiro do Estado, de acordo coas necesidades derivadas das operacións previstas.

2. As leis de orzamentos xerais do Estado fixarán anualmente o importe máximo das operacións que poderán ser autorizadas en cada exercicio con cargo ao Fondo.

Artigo 4. *Obxectivos do Fondo e principios que o inspiran.*

1. O Fondo ten como obxectivo estratéxico a contribución a facer efectivo o dereito humano á auga e superar a meta dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio de reducir á metade, para o ano 2015, a porcentaxe de persoas sen acceso á auga potable e aos servizos básicos de saneamento.

2. Os obxectivos específicos do Fondo son:

a) Contribuír a estender o acceso sustentable á auga potable e aos servizos básicos de saneamento, especialmente nas zonas máis vulnerables e con menor cobertura.

b) Favorecer a xestión pública, integral e participativa do recurso hídrico. Se así fose solicitado polas autoridades públicas competentes, e se se conta cos marcos regulatorios adecuados, teranse en conta mecanismos de prestación de servizos con participación privada ou comunitaria.

c) Reforzar o sistema institucional dos países para unha adecuada xestión do sector auga que favoreza unha xestión pública, transparente e participativa do recurso.

d) A contribución ao establecemento de sistemas sustentables de subministración dos servizos de auga e saneamento.

e) Adoptar mecanismos que melloren a calidade da axuda, nos termos da Declaración de París sobre eficacia da axuda ao desenvolvemento.

3. Os principios inspiradores do Fondo son:

a) A loita contra a pobreza en todas as súas dimensións como obxectivo prioritario. Este principio delimitaría a focalización do fondo cara ás zonas periurbanas e ás zonas rurais por seren onde se concentran os maiores niveis de pobreza.

b) O dereito á auga como dereito humano básico fundamental e universal: auga suficiente, salubre, aceptable, accesible e alcanzable para o uso persoal e doméstico.

c) Unha visión consensuada de desenvolvemento baseado no enfoque territorial, desde o recoñecemento da gran diversidade e heteroxeneidade entre territorios, e desde a equidade e inclusión das poboacións excluídas.

d) O acceso á auga e ao saneamento contemplárase como un proceso de abaixo-arriba, por tanto como un proceso participativo e inclusivo dos máis pobres.

e) A sustentabilidade ambiental desde un enfoque apoiado no ecosistema e a sustentabilidade de bacías baixo criterios de xestión integrada e participativa.

f) A gobernanza ambiental (ou «gobernanza para a auga») como base para fortalecer as capacidades institucionais.

g) Contribuír á paz e á resolución de conflitos como consecuencia do melloramento do benestar e do desenvolvemento económico-social.

h) Unha xestión pública, transparente e participativa, que exixe reformas institucionais que impulsen unha eficiente planificación das políticas públicas a todos os niveis do Estado, así como un impulso da responsabilidade cidadá.

i) O uso de tecnoloxía para o desenvolvemento humano como tecnoloxía apropiada e adaptada ás especificidades locais.

j) A énfase na educación e sensibilización por unha nova «cultura da auga» e no trinomio auga-saúde-hixiene, como recoñecemento de que a falta de acceso á auga potable e ao saneamento supoñen un problema de saúde pública.

k) A concordancia coa Declaración de París como referente dos esforzos realizados a nivel mundial para aumentar a eficacia da axuda ao desenvolvemento.

CAPÍTULO II

Xestión do Fondo

Artigo 5. *A Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento.*

1. A administración do Fondo corresponde á Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, encadrada na Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, baixo a dirección estratéxica da súa presidencia.

2. Corresponden á Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento as seguintes funcións:

a) Elaborar, propor e presentar os criterios baixo os que se debe rexer o sistema de xestión do Fondo e os mecanismos de concesión das axudas e, de ser o caso, os préstamos que financiarán os proxectos elixidos.

b) Establecer os acordos necesarios para a concesión das axudas ou préstamos cos países obxectivos, e cos organismos multilaterais que se considere, sen prexuízo das competencias correspondentes ao Ministerio de Economía e Facenda.

c) Estudar e emitir informe sobre as propostas de financiamento con cargo ao Fondo con carácter previo á súa aprobación polo Consello de Ministros, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Comité Executivo previsto no artigo 6 deste real decreto.

d) Levar a cabo o seguimento e avaliación do funcionamento do Fondo, en coordinación coa Dirección Xeral de Planificación e Avaliación de Políticas para o Desenvolvemento do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

e) Desempeñar a xestión económica do Fondo, sen prexuízo das competencias que, como axente financeiro do Fondo, correspondan ao Instituto de Crédito Oficial.

f) Actividades de índole xurídica e relacións institucionais relacionadas co Fondo.

g) Calquera outra función relacionada co Fondo, sen prexuízo das competencias que poidan corresponder a outros órganos.

Artigo 6. *O Comité Executivo do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento.*

1. O Comité Executivo do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento estudará e valorará todas as propostas de financiamento con cargo ao Fondo que lle sexan presentadas pola Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, e decidirá sobre a súa elevación para autorización polo Consello de Ministros, a través do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, segundo os procedementos establecidos no artigo 15 deste real decreto.

2. O Comité reunirse en sesión ordinaria unha vez por trimestre e en extraordinaria todas as veces que fosen necesarias. Na última reunión de cada ano definirase o plan de actuación do Fondo para o ano seguinte.

3. O Comité Executivo do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, adscrito ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación a través da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional, estará composto polos seguintes membros:

a) Presidente: o secretario de Estado de Cooperación Internacional, que poderá delegar a dita función no vicepresidente primeiro.

b) Vicepresidente primeiro: o director da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID).

c) Vicepresidente segundo: o director xeral de Financiamento Internacional do Ministerio de Economía e Facenda.

d) Vogais:

1.º O secretario xeral Iberoamericano da Secretaría Xeral Iberoamericana;

2.º O director de Cooperación para América Latina e o Caribe da AECID;

3.º O director de Cooperación Sectorial e Multilateral da AECID;

4.º O director xeral de Planificación e Avaliación de Políticas para o Desenvolvemento do MAEC;

5.º O director da Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento da AECID;

6.º O director xeral de Comercio e Investimentos do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio;

7.º O director xeral da Auga do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño;

8.º Un representante con nivel polo menos de subdirector do Instituto de Crédito Oficial, designado polo presidente do Instituto de Crédito Oficial.

e) Exercerà as funcións de secretaría e ponencia o titular do Departamento do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, da Oficina do devandito Fondo.

4. Os membros do Comité Executivo poderán designar suplentes; nese caso a comparecencia do substituto á reunión equivalerá á asistencia, para todos os efectos, do membro do Comité Executivo substituído.

5. O presidente poderá convidar a asistir ás reunións, con voz pero sen voto, aqueles expertos que considere conveniente en función dos temas que se vaian tratar.

6. O Comité Executivo poderá aprobar as súas propias normas de funcionamento interno, que deberán respectar o establecido neste artigo.

7. O Comité Executivo, en canto que órgano colexiado, rexerese, no non previsto neste artigo e nas súas normas de funcionamento interno, polo previsto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7. *O Consello Asesor.*

1. Para o asesoramento da Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento existirá un Consello Asesor, adscrito ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación a través da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional, que se reunirá polo menos unha vez ao ano, presidido por SAR o Príncipe de Asturias, e constituído por personalidades de recoñecido prestixio, españois e latinoamericanos, no ámbito da auga e dos recursos hídricos.

Formarán igualmente parte deste Consello Asesor representantes dos actores españois relacionados coa cooperación no sector da auga, en especial os relacionados con fundacións, organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, operadores e xestores dos servizos de auga e saneamento, organizacións empresariais e empresas privadas especializadas e universidade. O Consello Asesor estará integrado por un máximo de corenta membros.

Exercerà as funcións de secretaría e ponencia o titular do Departamento do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, da Oficina do devandito Fondo.

2. O Consello contará, así mesmo, co asesoramento técnico da Secretaría Técnica Permanente (STP) da Conferencia de Directores Iberoamericanos da Auga (CODIA).

3. Entre as súas funcións estarán: analizar e emitir ditames sobre as operacións que se realicen con cargo ao Fondo, así como asesorar e propor liñas de actuación á Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, con base nos obxectivos internacionalmente acordados nesta materia. Para iso, o Consello dotarase dun grupo de traballo de composición reducida que se reunirá con periodicidade trimestral, independentemente das reunións que, con carácter extraordinario, puidese convocar a Oficina.

Artigo 8. *Autorizacións do Consello de Ministros.*

1. Todas as liñas de financiamento e proxectos que se financien con cargo ao Fondo de Cooperación de Auga e Saneamento deberán ser autorizadas previamente polo Consello de Ministros, por proposta do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Deberán ser autorizadas, así mesmo, polo Consello de Ministros tanto as operacións para a compensación anual ao Instituto de Crédito Oficial como para atender os gastos de avaliación, seguimento, inspección e asistencia técnica dos proxectos, todo iso de acordo

co establecido no punto 5 da disposición adicional sesaxésimo primeira da Lei 51/2007, do 26 de decembro.

2. Para os efectos da súa aprobación polo Consello de Ministros, as contribucións a organismos multilaterais de desenvolvemento que se realicen con cargo ao Fondo, en virtude do establecido no artigo 13, poderanse considerar como liñas de financiamento.

Artigo 9. Convenios de financiamento co Instituto de Crédito Oficial.

O Instituto de Crédito Oficial formalizará, en nome e representación do Goberno de España e por conta do Estado, os correspondentes convenios de financiamento que se van subscribir cos beneficiarios do Fondo, salvo no caso das contribucións previstas no artigo 13 deste regulamento. Igualmente prestará os servizos de instrumentación técnica, contabilidade, caixa, control, cobramento e recuperación e, en xeral, todos os de carácter financeiro relativos ás operacións autorizadas con cargo ao Fondo, sen prexuízo das competencias que en materia de control establecen a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e demais normativa legal.

CAPÍTULO III

Liñas de actuación, prioridades xeográficas e destinatarios das achegas

Artigo 10. Liñas de actuación e actuacións financiadas.

1. Os proxectos financiados con cargo ao Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento deberanse encadrar nalguna das seguintes liñas de actuación:

- a) Acceso sustentable á auga potable.
- b) Acceso sustentable a servizos básicos de saneamento, incluída a xestión de residuos sólidos.
- c) Fortalecemento das políticas e marcos institucionais de xestión da auga, para unha mellor coordinación e participación na xestión do recurso.
- d) Fortalecemento da xestión integral do recurso hídrico.
- e) Establecemento de sistemas sustentables de subministración dos servizos públicos de auga e saneamento.

2. As actuacións susceptibles de financiamento dentro das liñas recollidas no punto anterior detállanse como anexo a este real decreto.

Artigo 11. Criterios xeográficos de actuación.

1. Os países elixibles serán os establecidos nas prioridades xeográficas para América Latina do Plan Director da Cooperación Española 2009-2012.

2. Para a focalización xeográfica das achegas do Fondo combinaranse dous criterios: a dimensión da taxa de falta de cobertura do servizo de auga e saneamento, xunto aos niveis de endebedamento de cada país. Segundo ambos os criterios, establécense tres grupos de países:

- a) Grupo 1 (HIPC): países de asociación ampla do Plan Director, con baixos niveis de cobertura dos servizos de auga e saneamento, que se atopan encadrados na Iniciativa de Países Altamente Endebedados (HIPC, nas súas siglas en inglés).
- b) GRUPO 2: países de asociación ampla e asociación focalizada do Plan Director con niveis baixos e medios de cobertura dos servizos de auga e saneamento.
- c) GRUPO 3: países de asociación para a consolidación de logros de desenvolvemento do Plan Director con niveis medios de cobertura do servizo de auga e saneamento.

3. Polo menos o 85 por cento dos recursos deberán ser distribuídos entre os países dos grupos 1 e 2, segundo o Plan Director da Cooperación Española 2009-2012.

4. Priorizaranse as zonas rurais e periurbanas con menor cobertura de servizos de auga e saneamento.

Artigo 12. Entidades elixibles nos países socios da cooperación española.

Nos países socios poderán ser beneficiarios do Fondo:

- a) Administracións públicas -nacionais, rexionais ou locais - dos países receptores, sempre que teñan capacidade institucional suficiente. No caso de que se trate de autoridades rexionais ou locais, valorarase especialmente que contén coa aprobación das autoridades do Estado e que exista unha mesa ou asociación nacional de referencia.
- b) Organizacións da sociedade civil, cooperativas ou outro tipo de asociacións sen ánimo de lucro dedicadas á prestación de servizos de auga e saneamento, ou a tarefas conexas coa provisión destes servizos públicos, na rexión.

Artigo 13. Acordos con organismos multilaterais de desenvolvemento.

1. Con cargo ao Fondo poderanse realizar achegas a fondos fiduciarios en organismos multilaterais de desenvolvemento, con probada experiencia no sector do abastecemento de auga e saneamento, para a identificación, preparación ou execución de proxectos de auga e saneamento en liña cos obxectivos, principios e criterios establecidos neste real decreto.

2. A Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento negociará acordos cos organismos multilaterais de desenvolvemento, que establecerán os mecanismos de xestión dos fondos españois aos cales se fai referencia no punto anterior. No caso de institucións financeiras multilaterais, a negociación farase en coordinación co Ministerio de Economía e Facenda, responsable da representación de España ante estas institucións.

3. As contribucións financeiras depositadas en organismos multilaterais de desenvolvemento, en virtude dos devanditos acordos, deberán ser previamente aprobadas polo Consello de Ministros. Unha vez aprobada cada contribución, os distintos proxectos que a institución someta á consideración do Fondo para a súa imputación con cargo á devandita contribución non requirirán de nova autorización do Consello de Ministros, aínda que si de informe favorable do Comité Executivo.

CAPÍTULO IV

Funcionamento

Sección 1ª. Presentación, valoración e autorización de propostas

Artigo 14. Presentación de propostas.

1. As entidades elixibles recollidas no artigo 12 anterior poderán presentar as súas propostas seguindo o formato que establecerá a Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, a través das embaixadas de España ou organismos multilaterais asociados, que as farán chegar á citada Oficina, para a súa consideración.

2. Nos supostos recollidos no punto anterior, valorarase positivamente:

a) A existencia dun marco lexislativo e regulador, ou instrumento equivalente, que rexa a acción de todos os subministradores do servizo, públicos ou privados, e no cal se recolla o dereito á auga como independente do poder adquisitivo, xénero ou localización xeográfica e no cal se estableza o pagamento por servizo ou mantemento.

b) A disposición dunha política sobre a auga sólida e ben fundamentada, que inclúa unha xestión eficiente e sustentable do recurso, onde se insira a proposta.

c) A utilización de criterios obxectivos de impacto sobre a pobreza e o desenvolvemento, equidade social e territorial, viabilidade, innovación e sustentabilidade ao dar prioridade e seleccionar as propostas por parte das administracións públicas, de forma que poida ser comprobado obxectivamente por unha avaliación externa por parte da Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento.

d) A coordinación e complementariedade co resto dos doadores, co referendo da mesa de coordinación sectorial de doadores, de existir.

e) A existencia de mesa ou asociación a nivel nacional de todos os actores con participación na xestión de auga e saneamento.

3. No caso de que a proposta de financiamento proveña dun organismo multilateral de desenvolvemento, esta canalizarase conforme os procedementos e criterios que se especifiquen nos correspondentes memorandos de entendemento, convenios e regulamentos.

Artigo 15. *Valoración e aprobación das propostas.*

1. A Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento recibirá e valorará as propostas con anterioridade á súa elevación para a análise e aprobación do Comité Executivo do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento.

2. Reforzarán de forma positiva as propostas a existencia das seguintes circunstancias:

a) A incorporación nos plans nacionais de desenvolvemento (PND) ou nos documentos de estratexias de loita contra a pobreza (DELP), ou documentos con fins similares da prioridade do sector auga con enfoque integral e cun plan de acción.

b) A promoción, constitución ou reforzo, se xa existe, dunha asociación nacional, rexional ou local pola auga, como instrumento de coordinación.

3. A Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento poderá rexeitar inicialmente aquelas propostas que non se adapten aos requisitos mínimos necesarios.

4. Así mesmo, poderá requirir do solicitante que leve a cabo unha reformulación da proposta inicial. As propostas reformuladas serán analizadas pola Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento e, de ser o caso, trasladadas ao Comité Executivo.

5. O Comité Executivo estudará as propostas que lle sexan elevadas pola Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento e decidirá a súa aprobación ou rexeitamento ou, de ser o caso, devolución para seren reformuladas definitivamente.

6. Antes da aprobación final dos proxectos, o Comité Executivo poderá decidir, de así o considerar, financiar con cargo ao Fondo a realización de estudos de viabilidade, de sustentabilidade, ou de impacto ambiental ou social deles.

7. O Comité Executivo do Fondo, unha vez recibidas as propostas de financiamento definitivas, decidirá sobre a súa aprobación final e, de ser o caso, cando proceda, a elevación, a través do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, para autorización da operación polo Consello de Ministros.

8. A autorización das propostas recollerá a correspondente autorización ao ICO para a negociación e subscrición dos respectivos convenios de financiamento, coa excepción daquelas propostas de contribucións a organismos, para as cales se seguirá o procedemento previsto no artigo 13 deste regulamento.

Sección 2ª. Desembolso dos fondos

Artigo 16. *Desembolso dos fondos.*

1. O desembolso dos fondos para cada unha das iniciativas ou proxectos aprobados con cargo ao Fondo, salvo aqueles a que se refire o artigo 13 deste regulamento, serán realizados polo ICO, na súa calidade de axente financeiro do Fondo, con base en libramentos con cargo aos orzamentos xerais do Estado, en virtude do disposto no correspondente convenio de financiamento suscrito para o efecto.

Para ese efecto, a Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, nos devanditos convenios de financiamento, establecerá, ademais, entre outros aspectos, e para cada iniciativa, tanto o procedemento de certificación e pagamento de traballos, obras, subministracións e servizos como os criterios de seguimento e control da execución do proxecto, asegurando en todo momento a dispoñibilidade de fondos para a execución de cada iniciativa ou proxecto.

2. No caso dos desembolsos referidos ás contribucións a organismos multilaterais de desenvolvemento, previstas no artigo 13, faraos o ICO, como axente financeiro do Fondo, de conformidade cos acordos subscritos pola Oficina do Fondo cos devanditos organismos e logo de instrución da Oficina do Fondo, emitida tras a correspondente autorización da contribución polo Consello de Ministros.

Artigo 17. *Xestión financeira do Fondo.*

Coa finalidade de optimizar a xestión financeira do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, o Instituto de Crédito Oficial, logo de autorización da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional, e obtido un informe favorable da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Economía e Facenda, poderá depositar os recursos do Fondo, é dicir, os retornos de prestameiros, os importes procedentes da dotación orzamentaria e calquera outro importe acreditado a favor do Fondo, en contas abertas, tanto no Banco de España como no propio Instituto de Crédito Oficial.

Artigo 18. *Cofinanciamento.*

1. O financiamento dos proxectos realizarase en réxime de cofinanciamento cos países beneficiarios. Os requisitos exixibles de cofinanciamento por país estableceranse cada ano no Plan Anual de Cooperación Internacional (PACI) atendendo a criterios de nivel de desenvolvemento e necesidades de acceso á auga potable e ao saneamento.

2. Establécese un réxime de cofinanciamento inicial segundo as prioridades xeográficas establecidas no artigo 11 deste real decreto. Así, as porcentaxes de financiamento que poderá asumir o Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento serán os seguintes:

- a) Países encadrados no grupo 1 (HIPC): ata o 100 por cento da proposta, en todo caso con carácter non reembolsable.
- b) Países encadrados no grupo 2: ata o 80 por cento da proposta
- c) Países encadrados no grupo 3: ata o 50 por cento da proposta

3. O dito cofinanciamento estará aberto a achegas de organismos multilaterais e entidades privadas.

Artigo 19. *Licitación e adxudicación.*

1. A Oficina do Fondo porá todos os medios ao seu alcance para que a adxudicación dos contratos para a execución dos proxectos se efectúe seguindo procedementos de licitación transparentes e que garantan a competencia e a calidade das adxudicacións.

2. En coherencia coa Declaración de París, propiciarase o uso dos procedementos públicos de licitación do país socio en que se executen os proxectos, sempre de acordo coa súa normativa local e sempre e cando estes procedementos cumpran os estándares internacionais exixibles.

En calquera caso, os beneficiarios poderán requirir asistencia técnica con cargo ao Fondo e, en todo caso, deberán requirir a non-obxección da Oficina do Fondo ás propostas de adxudicación.

3. Utilizaranse os procedementos de licitación dos organismos multilaterais de desenvolvemento para a adxudicación de proxectos executados por eles dentro dos marcos de asociación descritos no artigo 13.

Sección 3ª. Seguimento, avaliación, rendición de contas e publicidade

Artigo 20. *Seguimento.*

1. A Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento será a encargada de realizar o seguimento dos proxectos financiados con cargo ao Fondo.

2. O beneficiario estará obrigado a entregar á Oficina do Fondo os seguintes estados de situación e informes:

- a) Informes semestrais de progreso dos proxectos, que se entregarán no prazo máximo de tres meses desde a finalización do semestre que deba ser obxecto de informe.
- b) Informes financeiros anuais da aplicación dos fondos recibidos con cargo ao Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, que se entregarán no prazo máximo de tres meses desde a finalización do período anual que deba ser obxecto de informe.
- c) Un informe final de actividades que se entregará no prazo máximo de tres meses desde o peche financeiro das actividades.
- d) Un informe financeiro final que se entregará no prazo máximo de tres meses desde o peche financeiro das actividades.
- e) Informes de auditoría, de ser o caso.

Artigo 21. *Avaliación.*

1. A Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, con cargo ao devandito Fondo, establecerá un plan de avaliación que valore, de común acordo entre os actores implicados e de maneira coherente co orzamento e recursos dispoñibles, cuestións relativas á pertinencia, eficacia, eficiencia e viabilidade das intervencións, entre outras posibles. No devandito plan estableceranse os seus obxectivos, o alcance, os períodos de aplicación previstos, o orzamento destinado, os criterios para seleccionar as organizacións, organismos ou empresas especializadas que se farán cargo das actuacións contidas no plan e as accións de comunicación de resultados e realimentación.

2. Dentro do Plan de Seguimento e Avaliación, a Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento encargará unha avaliación global independente sobre o proceso de xestión do Fondo: as actividades xerais, o seu funcionamento, o uso dos recursos e os seus efectos, tanto en cumprimento dos obxectivos establecidos nel, como -na medida do posible- outros efectos imprevistos positivos ou negativos. Esta avaliación realizarase pasados tres (3) anos desde o comezo das súas actividades e o seu resultado será elevado ao Comité Executivo co obxecto de determinar as modificacións oportunas en canto a organización e funcionamento que permitan asegurar a eficiencia e eficacia da súa xestión.

3. As actuacións recollidas neste artigo levaranse a cabo en coordinación coa Dirección Xeral de Planificación e Avaliación de Políticas para o Desenvolvemento do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Artigo 22. *Informes anuais e publicidade.*

1. O Goberno remitirá no seis primeiros meses de cada ano ás comisións de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento do Congreso dos Deputados e do Senado un informe elaborado pola Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento no cal se recollan as actuacións financiadas con cargo ao Fondo o ano anterior e o resto de información relevante con respecto á súa xestión. Este informe poderá ser remitido ao Consello de Cooperación ao Desenvolvemento, posteriormente á súa remisión ao Congreso dos Deputados, se o require o citado Consello.

2. A Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento disporá dunha páxina web en que se incluírá a información relevante con respecto á súa actividade, incluído un plan inicial de actuacións.

3. Corresponderá ao Instituto de Crédito Oficial levar a contabilidade do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, de acordo coa normativa aplicable, e a formulación das súas contas anuais, e ao Comité Executivo do citado Fondo a aprobación destas.

Disposición adicional primeira. *Países non incluídos nas prioridades xeográficas do Plan Director da Cooperación Española 2009-2012.*

Non obstante o disposto no artigo 11 deste real decreto, o Fondo poderá financiar actuacións naqueles países de América Latina que figurasen entre as prioridades xeográficas do Plan Director 2005-2008 e que non aparecen recollidos nas do Plan

correspondente ao período 2009-2012, en coherencia coa estratexia de saída responsable destes países recollida no citado Plan Director da Cooperación Española 2009-2012 e no Plan Anual de Cooperación Internacional.

Para os efectos da concentración de recursos prevista no artigo 11.3 deste real decreto e dos criterios de cofinanciamento establecidos no artigo 18, estes países serán considerados do grupo 3.

Disposición adicional segunda. *Constitución do Comité Executivo do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento.*

O Comité Executivo do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento previsto no artigo 6 deste real decreto constituirase tan pronto como deba intervir no proceso de selección de proxectos, de acordo co establecido no artigo 15.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Facúltanse os ministros de Asuntos Exteriores e de Cooperación e de Economía e Facenda para ditaren, no ámbito das súas respectivas competencias, cantas normas sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de setembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Asuntos Exteriores
e de Cooperación,
Miguel Ángel Moratinos Cuyaubé

ANEXO
Actuacións financiábles

Obxectivos específicos	Posibles actuacións susceptibles de financiamento	
Contribuír a estender o acceso sustentable á auga potable.	Escala nacional	Apoio a grandes infraestruturas (nivel nacional): canalizacións. Apoio a medianas infraestruturas (nivel local).
	Escala local	Apoio a pequenas infraestruturas (nivel comunitario): almacenamento de auga de choiva, instalación de pequenas plantas potabilizadoras, etc.
Contribuír a estender o acceso sustentable a servizos básicos de saneamento.	Escala nacional	Apoio a grandes infraestruturas (nivel nacional): tratamento terciario das augas residuais; etc.
	Escala local	Apoio a medianas infraestruturas (nivel local): tratamento secundario das augas residuais; conexións a sistemas de colectores e rede de sumidoiros, sistemas de recolección de residuos sólidos, etc. Apoio a pequenas infraestruturas (nivel comunitario): sistemas de tecnoloxía apropiada de baixo custo: latrinas de fosa simple; latrina ventilada de pozo mellorado; conexión a sistemas de colectores e rede de sumidoiros con man de obra local, reciclaxe de residuos sólidos, etc.
Reforzar o sistema institucional dos países para unha adecuada xestión do sector auga que favoreza unha xestión pública, transparente e participativa do recurso.	Escala nacional	Apoio á constitución/organización de mesas nacionais de auga, fortalecemento do socio principal...) Apoio á elaboración participativa de estratexias, programas ou plans nacionais que inclúan previsións orzamentarias e de seguimento que garantan o seu cumprimento. Apoio á mellora dos marcos regulatorios e ás institucións encargadas da súa aplicación. Apoio, no caso de que sexa requirido, a procesos de descentralización e fortalecemento das administracións locais en materia de auga. Organización de seminarios, foros, observatorios nacionais da auga, etc. Apoio a mecanismos adecuados de información, consulta e participación pública e a consolidación de estruturas participativas que integren as organizacións comunitarias na xestión ambiental onde se incorporen de maneira efectiva os resultados dos devanditos procesos participativos. Apoio á realización de anteprojectos, formulación de proxectos de enxeñaría, avaliación de impacto, etc.
	Escala local	Apoio a procesos de organización e aumento das capacidades das comunidades pobres para a súa inclusión no proceso: dinamización local, formulación e xestión participativa... Apoio a capacidades municipais no sector. Apoio a mecanismos innovadores de pagamento por servizos (relacionados coa auga) mediante modalidades que permitan a inclusión de todos os grupos sociais. Apoio á capacitación das organizacións comunitarias (campesíñas, indíxenas, afrodescendentes, da mocidade e de mulleres, etc.) en capacidades específicas para a xestión ambiental (relacionada coa auga), a administración compartida do recurso e o seu manexo técnico. Apoio e capacitación dos operadores públicos de auga. Apoio á innovación e ao desenvolvemento de tecnoloxías apropiadas en materias relacionadas coa auga e co saneamento. Apoio a asistencias técnicas para a identificación, formulación, seguimento e avaliación de proxectos para o Fondo. Apoio a programas de educación (xestión integral do uso da auga) e sensibilización. Apoio á comunicación e difusión da iniciativa do Fondo.

Obxectivos específicos	Posibles actuacións susceptibles de financiamento	
Favorecer a xestión integral do recurso hídrico	Escala nacional/ Escala local	<p>Apoio á protección de recursos hídricos e á xestión destes con criterios de sustentabilidade ambiental no marco do ordenamento territorial, considerando as augas superficiais e subterráneas e as bacías fluviais e as súas contornas costeiras e mariñas. Apoio á construción de alianzas polo desenvolvemento entre actores públicos e privados nos termos previstos no real decreto.</p> <p>Promover a cooperación pacífica e desenvolver sinerxías entre diferentes usos da auga en todos os niveis, sempre que sexa posible, dentro e no caso dos recursos hídricos transfronteirizos e limítrofes, correspondentes por medio da xestión sustentable de bacías fluviais ou outros enfoques apropiados.</p> <p>Contribuír á xestión conxunta de recursos hídricos en zonas fronteirizas e a proxectos de organismos subrexionais de integración relacionados con auga e saneamento.</p>
Contribuír ao establecemento de sistemas sustentables de subministración dos servizos públicos de auga e saneamento.	Escala nacional/ Escala local	<p>Favorecer o desenvolvemento e a utilización de novos mecanismos.</p> <p>Apoio ao desenvolvemento de procesos transparentes de xestión.</p>